

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



INFORME

VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE "EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS" (Expte. 97471-332)

Emítese o seguinte informe coa valoración do Sobre B) "Proposicións avaliábles mediante xuízo de valor" da oferta presentada para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de "Educación Básica de Persoas Adultas" (Expte 97471-332).

- Procedemento de contratación: Aberto.
- Tramitación: Ordinaria.
- Licitadores presentados no prazo establecido pola oficina municipal de contratación:
 - ASOCIACION MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO

Realizada a apertura da documentación e comprobada pola Mesa de Contratación a documentación administrativa presentada polo único licitador, este quedou admitido no procedemento, durante a sesión da Mesa de Contratación celebrada o xoves 18 de xullo de 2024 ás 10,30 hs.

- Data de apertura pola Mesa de Contratación da proposición técnica: 18/07/2024.

CRITERIOS XERAIS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS

Para a valoración da oferta para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de "Educación Básica de Persoas Adultas" que propuso o licitador, tiveronse en conta os criterios valorativos recollidos no apartado 7.A. da FEC así como o proxecto programa de Educación Básica de Persoas Adultas que debe vir redactado segundo o establecido na cláusula 4ª do Prego de Prescricións Técnicas.

Valórase pois o proxecto programa educativo de Educación Básica de Persoas Adultas presentado polo licitador, dentro do cal se analizan as propostas relativas ao cumprimento e desenvolvemento a nivel organizativo, de xestión, lectivo, pedagóxico e de intendencia, de cando menos os contidos mínimos que para a impartición da docencia e formación de alfabetización de persoas adultas, se recollen na estrutura xeral do proxecto educativo que ven definida na cláusula 4ª e os seus 7 subapartados do PPT.

Seguíronse ordeadamente os 7 criterios de adxudicación avaliábles mediante xuízo de valor incluídos na cláusula 7.A. da FEC, "Proxecto de programa de Educación Básica de Persoas Adultas" (a valorar cun máximo de 40 puntos), establecéndose a xuízo do técnico que suscribe, unha proposta de valoración cualitativa e cuantitativa para cada un destes apartados que se trasladan ao cadro de valoración numérica que se inclúe no remate deste informe.

Para a valoración do proxecto programa de "Educación Básica de Persoas Adultas" ofertado tívose en conta o establecido na cláusula 7.A. da FEC aos efectos de puntuar as propostas do licitador nos seguintes aspectos: Características do Proxecto Educativo (a valorar con ata 9 puntos), Programa de Actividades e Plan de Traballo a desenvolver (a valorar con ata 9 puntos), Organización dos Recursos Humanos propostos (a valorar con ata 7 puntos), Contexto Alumnado (a valorar con ata 6 puntos), Características dos espazos e instalacións (a valorar con ata 4 puntos), Características dos Recursos Materiais (a valorar con ata 2,50



Copia do documento - Concello de Vigo
97471-332

Data impresión: 19/07/2024 13:59 Páxina 1 de 7
CSV: ABA75C-24BD8F-BH3257-DC755J-8KPET1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

puntos) e Proposta de Regulamento de Réxime Interno (a valorar con ata 2,50 puntos), todos eles valorados cos límites de puntuación indicados na citada cláusula.

PROXECTO PROGRAMA DE "EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS"

ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO

A oferta cumpre co recollido na cláusula 6.A) "contido da documentación do sobre B", e en liñas xerais se adecúa de xeito correcto e coherente ao cumprimento e desenvolvemento dos distintos apartados contemplados na cláusula cuarta do Prego de Prescricións Técnicas e, de xeito ordenado e pormenorizado, abrangue os distintos aspectos e contidos mínimos establecidos para a adquisición e consolidación das denominadas competencias básicas ou habilidades instrumentais básicas da lectoescritura e do cálculo matemático, do seguinte xeito:

7.A.1.- Características do Proxecto Educativo (máximo 9 puntos). Neste apartado valórase:

- **7.A.1.a).- Calidade, coherencia e viabilidade do proxecto pedagóxico presentado e desenvolvemento da programación educativa para cada nivel proposto (máximo 1,50 puntos):** A oferta explícita pormenorizadamente un óptimo proxecto pedagóxico flexible, aberto e axeitado ao ritmo de aprendizaxe do colectivo (maiores 18 anos do Concello de Vigo), que non dispoñan dunha titulación mínima ou formación inicial específica, para a adquisición das competencias básicas ou habilidades instrumentais básicas: lectoescritura, cálculo matemático, interacción co contorno, dixital, social e cidadá, cultural e artística, aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal.

O proxecto está adaptado e presenta coherencia coa proposta da Unión Europea para este tipo de Educación e aprendizaxe ao longo da vida: Competencia en Comunicación Lingüística (CCL), Competencia Matemática en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT), Competencia Dixital (CD), Competencia Aprender a Aprender (CAA), Competencia Social e Cívica (CCSC), Competencia Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE), Competencia Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)

Resulta oportuno e pertinente perseguir como meta funcional a incorporación do adulto/a aos estudos conducentes á preparación para Título de Graduado en ESO, establecendo dos niveis de formación (Nivel I Básico e introductorio ás habilidades de lectoescritura e cálculo matemática e Nivel II Consolidación das anteriores habilidades), en 8 localizacións diferentes de AAVV da cidade, con grupos entre 12-25 alumnos/as e cunha temporalización de 2 clases presenciais semanais de 1,5 hs/sesión nos periodos por curso académico de outubro-décembro e xaneiro-maio. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,50 puntos).

- **7.A.1.b).- Formulación precisa e coherencia dos obxectivos que se pretenden acadar (máximo 1,25 puntos):** Fixa moi ben detallado, vincula de xeito coherente e ten en conta as recomendacións nos obxectivos propostos por niveis formativos en relación coa normativa legal vixente que recolle e estipula o currículo para Educación Básica de Persoas Adultas na Comunidade Autónoma de Galicia (Orde 20/03/2018 publicada no DOGA n.º 71 12/04/2018), na procura de acadar a tarefa primordial de garantir unha óptima competencia social e cidadá. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,25 puntos).
- **7.A.1.c).- Concreción e secuencialización de contidos relacionados coa adquisición das competencias básicas (máximo 1,25 puntos):** Determina de xeito oportuno e con claridade os contidos para os dous niveis formativos propostos (contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe) integrados nos 4 ámbitos fundamentais de coñecementos: Comunicación (oral, escrita, literaria inglés), Matemáticas (números e operacións, números naturais e decimais, magnitudes e medidas, xeometría), Ciencia (saúde, ecosistemas e seres vivos, noso universo, xeografía, historia, tecnoloxía) e Desenvolvemento Iniciativa persoal e laboral (intelixencia emocional). Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,25 puntos).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/07/2024 13:59	Páxina 2 de 7
97471-332	CSV: ABA75C-24BD8F-BH3257-DC755J-8KPET1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- **7.A.1.d).- Plan de estudos especificando o proceso de promoción do alumnado (máximo 1,25 puntos):** Concreta un plan de estudos para dous Niveis Educativos (I Básico e II Consolidación), inicialmente cun ano de permanencia en cada nivel, contemplando en casos excepcionais a posibilidade doutro ano máis por recomendación docente. Os criterios de promoción aparecen sinalados (acadar avaliación positiva e plans específicos de reforzo da aprendizaxe) e están baseados na avaliación positiva, adquisición das competencias básicas e un axeitado grao de madurez. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,25 puntos).
- **7.A.1.e).- Procedemento e criterios de avaliación para a adquisición das distintas competencias básicas e para cada nivel que se propoña (máximo 1,25 puntos):** Determinábase ben estruturada tres tipos fundamentais de avaliación (inicial – do proceso – de resultados) como un proceso continuo e sistemático que permite analizar as tarefas que realiza o alumnado e deste xeito poder valorar os seus progresos na adquisición de coñementos ou para correxir posibles deficiencias. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,25 puntos).
- **7.A.1.f).- Plan de divulgación da iniciativa didáctica municipal (máximo 1,25 puntos):** Propón a celebración dun acto público de presentación desta iniciativa didáctica nalgún local municipal ao inicio do curso lectivo. Igualmente, propón unha campaña publicitaria (o cal xa é unha obrigatoriedade recollida no PPT) co reparto de flyers e remisión de e-mail masivo a distintos puntos estratéxicos do Concello (centros sociais, centros de saúde, AAVV, ONG, UBAS...) con información relevante de programa, ademais da promoción da actividade e perfil activo a través das distintas redes sociais (Facebook, Twitter ...) e da páxina web da licitadora que se realizará no marco das actividades coas TICs. Determinan a elaboración dunha pequena guía-resumo sobre o programa (sin especificar formato e posibles contidos), ademais do subministro de información aos distintos medios de comunicación para a súa repercusión mediática coa conformidade previa do Concello, o cal semella en xeral unha proposta excesivamente estandarizada. Outórgase, polo tanto, unha puntuación media-alta a este subapartado (0,75 puntos).
- **7.A.1.g).- Determinación precisa de accións e propostas para reforzar a presenza institucional do Concello (máximo 1,25 puntos):** A proposta recolle o uso do logotipo do Concello en todo o soporte documental de calquera tipo que xere o programa (algo xa de obrigado cumprimento e carente de valor engadido), ademais de concreción dun acto específico de entrega de diplomas cuxas características básicas describe e que contará coa presenza de Alcalde e/ou Concelleiro/a de Educación, e toda a súa loxística organizativa que implica este evento correrá a cargo do licitador (cómpre reseñar que a organización deste evento é de obrigado cumprimento consonte ao recollido no PPT). Proponse visita da Concelleira de Educación aos distintos grupos de alumnado, desenvolver unha visita didáctica ao Concello, e divulgar e repartir entre o alumnado unha guía resumen sobre o programa e diferente material institucional aportado polo Concello. Bótase en falta neste apartado unha aportación máis singularizada e novedosa. Outórgase, polo tanto, unha puntuación media-baixa a este subapartado (0,50 puntos).

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **7,75 puntos**.

7.A.2.- Programa de Actividades e Plan de Tralado a desenvolver (máximo 9 puntos).
Neste apartado valórase:

- **7.A.2.a).- Definición e formulación concreta do plan de actividades didácticas que o licitador oferte no marco do programa educativo proposto (máximo 1,50 puntos):** Prantexa dentro do horario lectivo, con carácter obrigatorio, unha batería de distintas actividades atendendo aos distintos contidos programados e á adquisición dos estándares de aprendizaxe, sendo actividades individuais de pequeno ou gran grupo, segundo a natureza dos contidos. Determina que moitas destas actividades



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/07/2024 13:59	Páxina 3 de 7
97471-332	CSV: ABA75C-24BD8F-BH3257-DC755J-8KPET1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

programadas serán como eixo vertebrador o emprego das TICs e a promoción de actitudes favorables á protección do medio ambiente (reciclaxe e refugalloos producidos na aula)

Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,50 puntos).

- **7.A.2.b.- Concreción e precisión na definición de toda a loxística organizativa, dos medios e plan de transporte para o desenvolvemento das actividades propostas (máximo 1,50 puntos):** Concreta o desenvolvemento de xeito presencial en oito locais veciñais distribuídos por diversas localizacións xeográficas do Concello (salientar que a AAVV do Calvario explicita dúas ubicacións diferentes), máis a aula formativa de TICs que aprovista o licitador na súa propia sede. Determinábase que correrá por conta da adjudicataria todas as xestións necesarias e os gastos que se deriven da implementación das actividades (publicidade e promoción, inscrición do alumnado do que se aporta modelo documental, adquisición de entradas, contratación relatores/as, transporte colectivo nas saídas fóra do municipio como visita didáctica de fin de curso, avaliación e feed-back da actividade desenvolvida...). Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,50 puntos).

- **7.A.2.c.- Determinación precisa do cronograma de execución e distribución horaria (máximo 1,50 puntos):** Propón e explicita dúas sesións semanais de 1,5 hs/sesión de outubro a decembro e xaneiro a maio, cun intervalo vacacional intermedio dunhas 3 semanas coincidente coas festas de Nadal, estando previsto asistir cada 15 días á aula TICs.

Para o Nivel I propón destinar o 45% do tempo de impartición aos contidos relacionados co ámbito da comunicación, o 36% aos contidos relacionados co ámbito matemático, e o 19% aos contidos relacionados co ámbito da ciencia, sociedade, tecnoloxía e de desenvolvemento e iniciativa persoal.

Para o Nivel II propoñen impartir de xeito trimestral os diferentes módulos contemplados no Currículo (Terra, Traballo, Vida en Comunidade). Achégase cronograma concreto co calendario de aplicación das actividades que se propoñen. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,50 puntos).

- **7.A.2.d.- Plan de control de calidade das actividades propostas respecto da adquisición das competencias básicas (máximo 1,50 puntos):** As actividades formuladas teñen establecidos uns obxectivos xerais e específicos, xunto con indicadores xenéricos de avaliación para tentar reflectir a incidencia destas actividades na adquisición de competencias básicas, coñecer as súas fortalezas e debilidades e finalmente se propón un cuestionario de satisfacción do alumno/a, do cal apórtase modelo documental. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,50 puntos).
- **7.A.2.e.- Liña metodolóxica xeral e inclusiva que se propón (máximo 1,50 puntos):** Determinábase unha metodoloxía apropiada, eminentemente práctica, lúdica, inclusiva, aberta e flexible, que tenta fomentar a aprendizaxe cooperativa e autónoma do alumnado a través de diversas fases: preparación e reflexión previa, realización e participación activa, recapitulación post-actividade.

A acción está baseada nos principios metodolóxicos de: Aprendizaxe significativa, participación activa do alumnado, autoaprendizaxe, motivación, aproveitamento experiencia do alumnado, individualización e integración. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,50 puntos).

- **7.A.2.f.- Concreción propostas de actuación relacionadas coas Tecnoloxías da Información e Comunicación (TICs) para a formación en competencias dixitais (máximo 1,50 puntos):** Concreta de xeito oportuno e coherente unha actuación de reforzo no uso das TICs na Aula Multimedia da Asociación Mulleres Progresistas, alomenos cada quince días, contemplando unha formación específica dunhas 20 hs aprox., e contando con apoio docente puntual para dúbidas na competencia dixital e no manexo de dispositivos electrónicos, ordenadores e internet. Resulta óptimo o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/07/2024 13:59	Páxina 4 de 7
97471-332	CSV: ABA75C-24BD8F-BH3257-DC755J-8KPET1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

desenvolvemento da competencia dixital como ferramenta transversal nas diversas tarefas de aprendizaxe impartidas na aula (comprensión dos termos habituais, manexo de dispositivos electrónicos da vida cotiá ...). Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,50 puntos).

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **9,00 puntos**.

7.A.3.- Organización dos recursos humanos propostos (máximo 7 puntos). Neste apartado valórase:

- **7.A.3.a).- Concreción do organigrama funcional dos recursos humanos, e definición da súa xornada laboral e/ou adicación horaria e distribución das tarefas concretas que asumirá o persoal que a empresa licitadora pon a disposición do programa (máximo 3,50 puntos):** Propón un grupo docente integrado por 5 persoas con titulación, formación e experiencia acreditable en Educación de Adultos/as, que exercerán as funcións de titora de cada un dos grupos. Concreta e explicita as funcións dunha coordinadora xeral (adicación anual 210 hs) que implementa e supervisa os distintos elementos do programa, mais unha administrativa (adicación anual 120 hs) para tarefas de reprografía, recompilación de documentación e xestións de todo o soporte documental do programa. Tamén contempla e queda reflectido no Regulamento de Réxime Interno (RRI) que se propón as funcións do profesorado e a coordinadora, ademais da estrutura organizativa do programa. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (3,50 puntos).
- **7.A.3.b).- Determinación precisa do Plan de Acción Titorial e mecanismos e estratexias de coordinación entre o persoal vinculado ao programa e para o fomento da implicación activa do profesorado proposto co alumnado participante (máximo 3,50 puntos):** Determina con precisión o plan de acción titorial, os seus obxectivos a acadar, e o seu cronograma de execución ao longo das distintas fases do curso académico (inicio, primeiro período outubro-décembro, segundo período xaneiro-maio, remate do curso) que concreta procedementos de organización e coordinación entre profesorado e alumnado. Propón avaliar a acción titorial nas xuntanzas docentes ou Claustros e reflectir os resultados na memoria final, e igualmente propón unha enquisa de satisfacción ao alumnado da cal apórtase modelo documental, onde están incluídos items de medición referidos á acción titorial. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (3,50 puntos).

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **7 puntos**.

7.A.4.- Contexto Alumnado (máximo 6 puntos). Neste apartado valórase:

- **7.A.4.a).- Determinación precisa das canles, ferramentas e protocolos que o adxudicatario siga nos procedementos de información, atención, admisión e selección do alumnado (máximo 1,50 puntos):** As canles de participación do alumnado, así como os criterios de admisión, matrícula e supostos de posible baixa, os dereitos e deberes deste colectivo, veñen explícitos no contido do Regulamento de Réxime Interno (RRI) que propón o licitador. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,50 puntos).
- **7.A.4.b).- Concreción do proceso para o seguimento do control de asistencia, e o fomento da participación activa do alumnado nas actividades formativas (máximo 1,50 puntos):** Aporta concreción de distintos modelos documentais a empregar no programa para garantir o axeitado control da calidade e optimización continua (ficha recollida datos alumno, parte e informe de asistencia, parte de incidencias, solicitude de actividades complementarias e/ou extraescolares, parte de avaliación final e enquisa de satisfacción). Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,50 puntos).
- **7.A.4.c).- Criterios de agrupamento inicial do alumnado participante e dispoñibilidade de protocolo de integración e incorporación para novo alumnado**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/07/2024 13:59	Páxina 5 de 7
97471-332	CSV: ABA75C-24BD8F-BH3257-DC755J-8KPET1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(máximo 1,50 puntos): Determina con precisión protocolo de asignación do alumnado ao nivel formativo correspondente a través de entrevista de valoración inicial e proba obxectiva de coñecementos nos ámbitos da comunicación, matemático, e ciencia-tecnoloxía-sociedade. Concreta unha inscrición aberta e permanente durante todo o curso, segundo dispoñibilidade de prazas libres nos distintos grupos. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (1,50 puntos).

- **7.A.4.d.- Medidas de atención á diversidade onde se artellen diferentes propostas de reforzo educativo das aprendizaxes para o alumnado que require unha atención diferente á ordinaria (1,50 puntos):** Indica que partindo dunha análise previa das necesidades rexistrables de cada alumno/a, noméanse de xeito xeral e sen concretar, unha serie de medidas a adoitar de tipo organizativo (reforzo horario e titorías, dispoñibilidade da aula TIC fóra do horario lectivo), de tipo curricular (adaptación obxectivos e contidos) e coa proposta de actividades de recuperación para poder superar ámbitos de coñecemento nos que se detecten carencias. Bótase en falta neste apartado unha aportación máis concreta e pormenorizada. Outórgase, polo tanto, unha puntuación media este subapartado (0,75 puntos).

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **5,25 puntos**.

7.A.5.- Características do espazos e instalacións (máximo 4 puntos). Neste apartado valórase:

- **7.A.5.a.- Calidade dos espazos propostos, condicións de accesibilidade e idoneidade do equipamento das instalacións propostas, acordos para impartir as accións formativas (máximo 4 puntos):** Propón o desenvolvemento desta iniciativa didáctica municipal en 8 localizacións óptimas con diferentes aulas nas AAVV e centros culturais e cívicos de Bembrive (Asociación Mulleres Lúa), Coia (AAVV Cristo Victoria), Calvario (AAVV explícita dúas ubicacións diferentes), Lavadores (Escolas Nieto), Sárdoma (AAVV), Valadares (Centro Cultural e Veciñal), e Teis (Oficina Municipal de Distrito); ademais resulta oportuna e axeitada a aportación da Aula Multimedia e Informática da Asociación de Mulleres Progresistas para formación específica en TICs. Todas as aulas propostas están dotadas dos recursos necesarios para a impartición do programa, son de acceso doado sen barreiras arquitectónicas e presentan boa conectividade de transporte público. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (4,00 puntos).

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **4 puntos**.

7.A.6.- Características dos Recursos Materiais (máximo 2,50 puntos). Neste apartado valórase:

- **7.A.6.a.- Relación de Materiais didácticos, pedagóxicos, recursos multimedia e equipos que compromete o licitador para o seu uso polos participantes e para o mellor cumprimento dos obxectivos prantexados no Proxecto Educativo (máximo 2,50 puntos):** Explícita e compromete distintos materiais didácticos axeitados e suficientes que poñen a disposición do alumnado, para traballar a consecución das diversas competencias: nomeadamente fichas didácticas de vocabulario, contos-novelas-manuais de lectura, cadernos de lecto-escritura e cálculo matemático, dicionarios galego-castelán-inglés, láminas, mapas murais, quebra cabezas ...

Tamén comprometen os seguintes recursos materiais: 9 ordenadores de sobremesa equipados co software básico, conexión a internet e diferentes periféricos, teléfonos móbiles, fotocopiadora, fax, escaner ... Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (2,50 puntos).

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **2,50 puntos**.

7.A.7.- Proposta de Regulamento de Réxime Interno (máximo 2,50 puntos). Neste apartado valórase:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/07/2024 13:59	Páxina 6 de 7
97471-332	CSV: ABA75C-24BD8F-BH3257-DC755J-8KPET1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- **7.A.7.a).- Especificación concreta dos criterios e normativa xeral de funcionamento de obrigado cumprimento para os participantes que fará referencia a: normas xerais de comportamento, solución de conflitos, relación co persoal adscrito e supostos e procedementos para altas e baixas no programa, canles de participación (máximo 2,50 puntos):** Determina consonte á obrigatoriedade recollida no PPT un RRI que resulta totalmente coherente cos requisitos esixidos neste prego. Concreta ámbito de aplicación, estrutura e contidos de RRI, definindo entre outros puntos os seguintes: As canles de participación dos distintos axentes intervinentes nesta iniciativa didáctica formativa a través dos órganos unipersonais como a coordinadora do programa. Os criterios de admisión, matrícula e supostos de posible baixa do alumnado. Os dereitos e deberes do alumnado e profesorado. As funcións do profesorado. Documentación administrativa do programa. Normas xerais de convivencia. Tipificación de faltas, sancións, e medidas de actuación ou correctoras diante de condutas contrarias ás normas de convivencia. Aporta concreción de distintos modelos documentais a empregar no programa para garantir o axeitado control da calidade e optimización continua (ficha recollida datos alumno, parte e informe de asistencia, parte de incidencias, solicitude de actividades complementarias - extraescolares, parte de avaliación final e enquisa de satisfacción). Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado (2,50 puntos).

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **2,50 puntos**.

CADRO RESUMO DE VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN , ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE "EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS"

Criterios	7.A.1. Proxecto Educativo 9 puntos							7.A.2. Actividades e Plan Traballo 9 puntos						7.A.3. Recursos Humanos 7 puntos		7.A.4. Alumnado 6 puntos				7.A.5. Espazos e Instalacións 4 puntos	7.A.6. Recursos Materiais 2,50 puntos	7.A.7. R.R.I. 2,50 puntos	Total
	1.a	1.b	1.c	1.d	1.e	1.f	1.g	2.a	2.b	2.c	2.d	2.e	2.f	3.a	3.b	4.a	4.b	4.c	4.d	5.a	6.a	7.a	
Puntos máximo	1,5	1,25	1,25	1,25	1,25	1,25	1,25	1,5	1,5	1,5	1,5	1,5	1,5	3,5	3,5	1,5	1,5	1,5	1,5	4	2,5	2,5	40
Mulleres Progresistas Vigo	1,5	1,25	1,25	1,25	1,25	0,75	0,5	1,5	1,5	1,5	1,5	1,5	1,5	3,5	3,5	1,5	1,5	1,5	0,75	4	2,5	2,5	38

Vigo, a data da súa sinatura dixital

O técnico do Servizo de Educación, Pedro Mª Vázquez Iglesias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/07/2024 13:59	Páxina 7 de 7
97471-332	CSV: ABA75C-24BD8F-BH3257-DC755J-8KPET1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		